

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio Xunta de Galicia-Universidade da Coruña Título: Talento investigador. Convenio para impulsar accións no Campus Industrial de Ferrol (CIF) como campus de especialización Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Industrial de Ferrol 2021-2023			
PERÍODO AXUDA:		INICIO: novembro 2021	FIN: decembro 2023
CENTRO Inv. Principal: Un dos centros que forman parte do Campus Industrial de Ferrol			
OBXECTO DO CONTRATO: Contratación de 1 investigador asociado con tarefas propias da categoría e en liña do cumprimento dos indicadores de investigación nos que se basea o Convenio: <ul style="list-style-type: none"> - Incorporarse a algunha das liñas estratéxicas de investigación do CIF. - Xerar sinerxías con investigadores/as do CIF. - Atraer persoal investigador en formación. - Establecer relacións de colaboración nacional e internacional con grupos de investigación e con investigadores/as individuais. - Concorrer a convocatorias nacionais e internacionais que permitan a financiación da investigación. - Difundir resultados de investigación en contornas nacionais e internacionais que se adecúen aos indicadores do CIF. - Potenciar a elaboración de produtos de investigación (patentes, rexistros software...) con transferencia á industria de acordo coa filosofía do CIF. - Publicar os resultados da investigación en revistas de alto impacto. 			
LUGAR E HORARIO: Un dos centros dos que forman parte do Campus Industrial de Ferrol. Horario: 37,5 h/semana en horario de luns a xoves de 8:30 a 14:30 e de 16:00 a 18:00, venres de 9:00 a 14:30 h.			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a <input checked="" type="checkbox"/>		Investigador/a en formación <input type="checkbox"/> * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación <input type="checkbox"/>		Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Técnico/a administrativo/a <input type="checkbox"/>		Axudante administrativo/a <input type="checkbox"/>	
XORNADA	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 16/04/2023
TIPO DE CONTRATO: Indefinido <input checked="" type="checkbox"/>		Duración determinada <input type="checkbox"/>	
		DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 3.015,83 € *			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 090044F100 541A 6400000			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Doutor/a

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	13/03/2023 08:41:48
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



REQUISITOS: Ver memoria da convocatoria

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: vcfrs@udc.es

Dirixidas al Vicerrectorado del Campus de Ferrol y Responsabilidad Social,, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): TITULARES: Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (presidenta), directora do Campus Industrial de Ferrol (secretaria) e 3 expertos científicos do Comité Asesor Científico do CIF segundo o regulamento publicado o 22/11/2021 https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/012277 e que se describen máis adiante na memoria.

SUPLENTES: Vicerreitor de política científica, investigación e transferencia e adxunta á transferencia.

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

**Documento asinado dixitalmente
A INVESTIGADORA PRINCIPAL
Asdo.: María Jesús Movilla Fernández**

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	13/03/2023 08:41:48
Observacións		Páxina	2/9
Uri De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

1. OBXECTO

Esta convocatoria "Talento investigador" ten como obxecto a contratación de 2 investigadores/as posdoutorais e está dirixida á incorporación no CIF de científicos/as doutores/as de calquera nacionalidade que queiran desenvolver a súa actividade investigadora no CIF, con proxección e ampla traxectoria internacional baixo o único criterio da excelencia. O obxectivo é apoiar proxectos de ciencia excelente naquelas áreas de especial interese para o CIF pola súa proxección científica, polo seu carácter emerxente ou pola súa consideración estratéxica: robótica industrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñería naval e offshore, xestión industrial e desenvolvemento de produto. O contrato terá unha duración de 3 anos con posibilidade de prórroga de 1 ano segundo o artigo 22 da Lei 14/2011 de 1 de xuño da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS

Financiamento para establecemento da liña de investigación propia:

O persoal investigador contratado recibirá unha axuda complementaria para o establecemento da súa propia liña de investigación, por un importe total de 30.000 euros (partida presupostaria 090044F100.541A.6400000) na anualidade 2023. A imputación de gastos realizarase na económica correspondente en función da natureza destes. A autorización e aprobación dos expedientes de gasto corresponderá á Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Esta financiación adicional destinarase a cubrir os gastos debidamente xustificadas para:

-A adquisición, aluguer, traslado e mantemento ou reparación de equipamento científico-técnico, incluíndo equipos informáticos e programas técnicos informáticos, material bibliográfico, material funxible, subministros e produtos similares.

-A adaptación de infraestruturas científico-técnicas.

-Gastos de viaxes e dietas, gastos de inscrición e de organización de congresos, seminarios e conferencias de carácter científico.

-Costes de utilización e acceso a infraestruturas científicas e técnicas singulares (ICTS) incluídas no mapa aprobado polo Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación e grandes instalacións científicas nacionais e internacionais.

-Costes de solicitude e outros gastos de mantemento de dereitos de propiedade industrial e intelectual derivados da actuación, costes de patentes e coñecementos técnicos adquiridos e obtidos pola licenza de fontes externas a prezos de mercado.

-Servicios de asesoramento e apoio técnico á investigación, innovación e transferencia de resultados.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	13/03/2023 08:41:48
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



-Gastos de publicación e difusión de resultados incluídos aqueles que teñan podido derivarse da publicación en revistas de acceso aberto.

-Outros gastos directamente relacionados coa execución da actividade tales como utilización de servizos centrais e xerais de investigación da entidade.

Todos os gastos gardarán relación directa coa liña de investigación para cuxo desenvolvemento se asigna a axuda.

Espazo para a actividade investigadora

Proporcionaráselle ao persoal investigador contratado o espazo idóneo para a realización da súa actividade investigadora.

Estadías

Durante a duración do contrato, os/as investigadores/as poderán permanecer fora do CIF por un período máximo de 3 meses cada ano, previa solicitude motivada á dirección do CIF e ao Vicerreitorado do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. En casos excepcionais, poderanse autorizar estadías por períodos superiores, sempre previa petición motivada do/a investigador/a e por razóns de especial interese para o desenvolvemento da investigación proposta.

Durante o período de estadía, o Campus Industrial de Ferrol subscribirá para cada persoa investigadora un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto sexan insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros deberán cubrir o período total da estadía efectiva.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

- Estar en posesión do título de doutor/a.
- Ter realizado estadías durante polo menos 24 meses en centros de I+D de países de fora de España. O período de mobilidade de 24 meses contabilizarase ata a data de publicación desta convocatoria, podendo ser realizado como suma de diferentes períodos, sempre que estes sexan dun mínimo dun mes. O requisito de mobilidade considerarase cumprido para aqueles/as investigadores/as que teñan desenvolvido integramente e obtido o título de doutor/a nunha universidade estranxeira.

4. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse nun só documento PDF chamado Curriculum Vitae que incluírá os seguintes documentos, nomeados e numerados coincidindo coa numeración indicada a continuación:

1. **Copia do DNI / pasaporte:** por ambas caras, en vigor, lexible
2. **Curriculum Vitae**
3. **Memoria técnica** cos seguintes apartados:
 - a. Datos xerais da persoa solicitante
 - b. Enlace a algunha das bases de datos ou rexistro científico no que teña a súa produción científica

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	13/03/2023 08:41:48
Observacións		Páxina	4/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



actualizada (Orcid, Research Gate, Scopus, Web of Science, Google Scholar).

- c. Declaración de tódalas solicitudes individuais concedidas en convocatorias de ciencia excelente, dende a obtención do título de doutor/a ata a data actual. Tamén poderán consignarse aquelas outras convocatorias individuais ás que se presentou a persoa solicitante aínda que non conseguira financiamento (por exemplo ERC grants, Ramón e Cajal, ...) indicando o resultado da avaliación (por exemplo: reserva, puntuación obtida, renuncia...) se considera que esta pode ser significativa para a avaliación da súa solicitude a este programa.
- d. Listado de méritos, seguindo a orde establecida no apartado 5. Criterios de avaliación:
 - i. Excelencia da traxectoria científica
 - ii. Internacionalización
 - iii. Capacidade de liderar a liña de investigación
- e. Descrición da traxectoria investigadora da persoa solicitante, especificando os maiores logros científicos conseguidos ata a data, cunha extensión máxima de 2 páxinas en letra Times New Roman 12, entreliñado 1,5 y marxe superior e inferior 2,5 cm e dereito e esquerdo 3 cm.
- f. Proposta de proxecto de investigación: cunha extensión máxima de 5 páxinas en letra Times New Roman 12, entreliñado 1,5 y marxe superior e inferior 2,5 cm e dereito e esquerdo 3 cm. Neste apartado presentárase a investigación que a persoa solicitante se propón realizar durante o período de contrato, a motivación, excelencia e impacto, a viabilidade do seu desenvolvemento implementación e a coherencia e a importancia da proposta na carreira investigadora da persoa candidata, o plan de diseminación da investigación realizada, o grado de transferibilidade da investigación e o seu potencial impacto nos indicadores do Campus Industrial de Ferrol. De non adecuarse o proxecto ás liñas estratéxicas do CIF a persoa candidata quedará descartada do proceso de selección.
- g. Declaración responsable da veracidade de toda a información contida na solicitude, e compromiso asinado pola persoa candidata para presentarse a través do CIF ás convocatorias que conxuntamente se considere oportuno tanto do ERC, como do Ministerio de Ciencia e Innovación no seu Programa estatal para desenvolver, atraer e reter talento de I+D+i, durante a duración do contrato. A estes efectos as persoas candidatas comprométese a acreditar documentalmente os méritos declarados cando lles sexan requiridos en calquera fase do proceso de selección.
- h. Copia do título de doutor/a ou da certificación académica. Se o título non estivera en español ou en inglés, a persoa solicitante debe aportar unha tradución xurada a español.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, o incumprimento dos requisitos establecidos nela, e/ou a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada será causa de non admisión da solicitude presentada.

A presentación da solicitude implica coñecemento e aceptación desta convocatoria, así como o consentimento das persoas participantes aos efectos de publicidade e tratamento dos datos persoais que figuran nela, co obxecto

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	13/03/2023 08:41:48
Observacións		Páxina	5/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



do tratamento posterior dos datos recollidos na mesma, co obxecto do tratamento posterior dos datos con fins históricos, estatísticos ou científicos, de conformidade co disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/672, Xeral de Protección de Datos (RGPD) no marco da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (BOE nº 294, del 6 de decembro de 2018).

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As solicitudes serán avaliadas de acordo aos seguintes criterios:

a) Excelencia da traxectoria científica (máximo 55 puntos).

Valorarase a relevancia e contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas JCR, os libros e capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados en congresos, patentes concedidas ou licenciadas, e, en xeral, calquera outra contribución que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluíndo a transferencia da tecnoloxía.

As propostas con puntuación inferior a 8 neste apartado non continuarán o proceso de avaliación.

- i. Artigos publicados en revistas JCR: 0,5 puntos por artigo (máximo 10 puntos).
- ii. Libros e capítulos de libros: 0,5 puntos por publicación (máximo 5 puntos).
- iii. Traballos presentados en congresos nacionais: 0,5 puntos por relatorio invitado e 0,1 puntos por asistencia a congreso (máximo 5 puntos).
- iv. Codirección de teses: 0,5 puntos por tese (máximo 5 puntos).
- v. Teses industriais dirixidas: 0,5 puntos por tese (máximo 5 puntos).
- vi. Patentes: 0,5 puntos por patente (máximo 5 puntos).
- vii. Proxectos e contratos de I+D+i nacionais: 0,5 puntos por proxecto/contrato (máximo 5 puntos).
- viii. Proxectos I+D+i nacionais concedidos en convocatorias nacionais competitivas: 0,5 puntos por proxecto concedido (máximo 10 puntos)
- ix. Spin-offs: 1 punto cada unha (máximo 5 puntos).

b) Internacionalización (máximo 25 puntos).

Valorarase a implicación directa en programas, proxectos ou contratos internacionais, financiación obtida en convocatorias internacionais competitivas e a mobilidade internacional (experiencia pre ou posdoutoral en países distintos ao seu país de orixe).

As propostas con puntuación inferior a 2 neste apartado non continuarán o proceso de selección.

- i. Proxectos e contratos de I+D+i internacionais: 0,5 puntos por proxecto/contrato (máximo 5 puntos).
- ii. Proxectos I+D+i internacionais concedidos en convocatorias internacionais competitivas: 0,5 puntos por proxecto concedido (máximo 10 puntos).
- iii. Traballos presentados en congresos internacionais: 0,5 puntos por congreso (máximo 5 puntos)

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	13/03/2023 08:41:48
Observacións		Páxina	6/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- iv. Experiencia pre ou posdoutoral en países distintos ao de orixe: 0,25 puntos/mes estadía (máximo 5 puntos).
- c) Capacidade de liderar a súa liña de investigación (máximo 20 puntos).

Valorarase a capacidade de liderar a investigación e xerar novo coñecemento, en función da experiencia científica e profesional, así como a independencia da súa traxectoria. Valorarase a través de aspectos tales como a dirección de traballos de investigación (dirección de investigadores/as en formación, investigador/a principal en publicacións científicas, teses doutorais, etc....), relevancia e recoñecemento da súa liña de investigación (invitación a congresos internacionais, conferenciante plenario/a, premios, mencións e distincións), capacidade de captación de recursos (financiación como investigador/a principal de proxectos, contratos, etc....) e participación en redes de coñecemento.

As propostas con puntuación inferior a 3 neste apartado non continuarán no proceso de selección.

- i. Dirección de investigadores en formación: 0,6 puntos por investigador/a dirixido/a (máximo 4 puntos).
- ii. Investigador principal en publicacións científicas: 0,25 puntos por publicación (máximo 2 puntos).
- iii. Teses dirixidas de forma individual: 1 punto por tese (máximo 4 puntos).
- iv. Poñente invitado/a en congresos internacionais: 0,5 puntos por congreso (máximo 2 puntos).
- v. Conferenciante plenario/a en congresos: 0,5 puntos por congreso (máximo 2 puntos).
- vi. Premios, mencións e distincións: 1 punto por premio (máximo 4 puntos).
- vii. Participación activa e evidenciada en redes de coñecemento: 0,5 puntos por rede (máximo 2 puntos).

Todos os méritos deben vir acompañados polo seu xustificante correspondente, é dicir con copia acreditativa de cada un dos méritos e unha declaración firmada da súa veracidade. Aqueles méritos que non poidan contrastarse non se terán en conta na avaliación.

6. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A avaliación das solicitudes presentadas polas persoas candidatas será realizada de acordo cos criterios establecidos no apartado 5 desta convocatoria, por unha Comisión de Avaliación que será presidida pola Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, María Jesús Movilla Fernández, sen a condición de membro e que actuará con voz pero sen voto, pola Directora do Campus Industrial de Ferrol, Ana Isabel Ares Pernas, que actuará como secretaria con voz pero sen voto e da que formarán parte 3 expertos científicos externos do Comité Asesor Científico do CIF segundo regulamento publicado o 22/12/21 (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/012277):

- 1. Unha persoa experta en materiais/fabricación aditiva: D. Senentxu Lanceros Méndez, BC Materials - País Vasco

Documentación que debe presentar o solicitante:

- 1. Fotocopia do documento identidade.
- 2. Fotocopia da titulación académica.
- 3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	13/03/2023 08:41:48
Observacións		Páxina	7/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. Unha persoa experta en robótica industrial: D. Carlos Balaguer Bernaldo de Quirós, Universidad Politécnica de Madrid
3. Unha persoa experta en procesos industriais/loxística: Carlos Méndez, INTEC-CONICET (Arxentina)

A selección realizarase en dúas fases:

- Primeira fase: Avaliaranse os méritos da persoa candidata, a proposta de proxecto e a súa adecuación ás liñas estratéxicas do CIF segundo os criterios especificados no apartado 5 desta convocatoria.
- Segunda fase: As 10 persoas candidatas mellor valoradas na primeira fase serán convocadas a unha entrevista persoal. Esta entrevista, que pode ser presencial ou online, realizarase na forma, lugar, día e hora establecida pola Comisión avaliadora e supoñerá unha puntuación máxima de 30 puntos, que serán outorgados polos membros do Comité Asesor Científico do CIF.

7. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez rematado o prazo de solicitudes publicarase no Taboleiro Electrónico da UDC as relacións provisionais das persoas admitidas e excluídas xunto coa causa de exclusión. Disporase dun prazo de cinco días hábiles, que comezarán o día despois da publicación no Taboleiro Electrónico, para presentar no correo electrónico vcfrs@udc.es calquera reclamación e/ou aportar a documentación requirida.

Rematado o prazo de reclamacións, e unha vez resoltas motivadamente, a comisión de selección realizará o proceso de selección e publicará na Sede Electrónica da UDC a resolución de adjudicación provisional das persoas beneficiarias. Ademais das persoas beneficiarias, elaborárase unha lista agarda para cubrir as posibles vacantes ou renuncias que se podan producir. A ordenación das persoas suplentes farase segundo os mesmos criterios de selección. Disporase dun prazo de cinco días hábiles, que comezarán o día despois da publicación no Taboleiro Electrónico, para presentar calquera reclamación no correo electrónico vcfrs@udc.es.

Transcorrido o prazo de reclamacións e unha vez resoltas motivadamente, a comisión de selección publicará na Sede Electrónica da UDC a resolución de adjudicación definitiva, así como a lista de agarda.

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso de alzada perante o reitor de acordo cos artigos 121 e 122 da Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de outros recursos administrativos que se podan presentar.

8. DEBERES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. **Contratación:** aportar en prazo e forma a documentación necesaria para a formalización do contrato.
2. **Adscrición:** adscribirse ao CIF e cumprir con tódolos deberes respecto á filiación e visibilización do Campus Industrial segundo as indicacións do Manual de identidade corporativa do CIF (https://www.udc.es/export/sites/udc/campusindustrial/.galleries/Documentos-CIF/20211220_Manual-identidad-corporativa-CIF.pdf_2063069294.pdf).
3. **Establecemento da liña de investigación propia / estadias, etc.:** no prazo máximo de 1 mes dende o inicio

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	13/03/2023 08:41:48
Observacións		Páxina	8/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



do contrato, iniciar as xestións administrativas necesarias para a execución da financiación indicada no apartado 2 da presente convocatoria

4. **Informes anuais:** remitir ao CIF (investigacion.campus.industrial@udc.gal) un informe científico-técnico anual detallando tódalas actividades desenvolvidas. O contido do informe permitirá valorar o cumprimento do proxecto con respecto aos resultados esperados inicialmente.

5. **Informe final:** remitir ao CIF (investigacion.campus.industrial@udc.gal) un informe científico-técnico antes da finalización do seu contrato detallando todas as actividades desenvolvidas e os resultados acadados.

6. **Convocatorias de ciencia excelente:** Concorrer durante o período de contrato ás convocatorias de ciencia excelente nacionais e internacionais, así como as promovidas polo ERC ou o Ministerio de Ciencia e Innovación no seu programa estatal para desenvolver, atraer e reter talento de I+D+i.

O incumprimento destes compromisos dará lugar á extinción do contrato.

A adxudicación deste contrato non establece ningún compromiso respecto á posterior incorporación ó cadro de persoal do Campus Industrial de Ferrol ou da Universidade da Coruña

9. EXTINCIÓN DO CONTRATO

O contrato extinguirase polas seguintes circunstancias:

- Transcurso do tempo indicado no contrato.
- Renuncia.
- Incumprimento dalgunha das obrigas do punto 8.
- Abandono do programa de posdoutorado por outras causas.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	13/03/2023 08:41:48
Observacións		Páxina	9/9
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/V5aLSTQe0U8HsiR/nt/Ztw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

